



33

**MOSTRA**  
**TEATRO** **INTERNACIONAL**

15 - 24 XULLO 2017  
**RIBADAVIA**

# • VENDA DE ENTRADAS •

## NA SEDE DA MIT

**Venda anticipada:** de 10:00h a 14:00h e de 18:00h a 20:30h

**Venda inmediata diaria:** a partir das 21:00h

### Información, sala de prensa e sede da MIT:

Rúa García Penedo, 3 (na entrada da Praza Maior)

Tel. 988 472 056

info@mitribadavia.com

## PREZOS

Espectáculos para público adulto:

- Xeral: 7 €

- Reducida\* (pessoas en situación de desemprego e estudantes): 5 €

Espectáculos con prezo especial (Inauguración e clausura: *Golem e A cabeza do dragón*)

- Xeral: 10 €

- Reducida\* (pessoas en situación de desemprego e estudantes): 8 €

## INFORMACIÓN ESPECIAL

- Entradas non numeradas do Castelo (bloques 4 e 5): prezo único 5 €

- Espectáculos con prezo especial non numeradas nos bloques 4 e 5 (*Golem e A cabeza do dragón*): prezo único 8 €

- Espectáculo para adultos na Casa da Cultura (*Todo sobre Eva*): adultos xeral 7 €, reducida\* 5 €

- Espectáculo para público familiar na Casa da Cultura (*A galiña azul*): adultos xeral 7 €, reducida\* 5 €, nenas e nenos 2 €.


## SERVIZO DE VENDA ELECTRÓNICA E TELEFÓNICA\*\*

<http://entradas.abanca.com>

(Ata o día anterior de cada espectáculo)

\*Para as entradas de prezo reducido é preciso presentar a documentación oficial acreditativa.

\*\*A venda anticipada de entradas corresponderá sempre, como máximo, ao 80% do aforo de cada espectáculo. O 20% restante venderase no despacho de billetes o mesmo día da función.



**RIBADAVIA**, recupera cada ano, a mediados de xullo, o seu esplendor cultural e medieval da man da Mostra Internacional de Teatro, MIT Ribadavia. Aos seus atractivos arquitectónicos e naturais súmase, desde o ano 1984, unha excepcional oferta artística que converte a vila na capital teatral de Galicia.

Ano a ano, premio a premio, a MIT colleita recoñecementos polo seu compromiso coa contorna, así como pola súa crecente relación cos máis importantes referentes escénicos do mundo.

O programa deste ano afonda na atención aos grandes mestres da escena mundial, da man de Suzanne Andrade ou Eimuntas Nekrosius. Enche a vila con danza, circo e artes da rúa. Achega a creación contemporánea a través da revisión da obra de William Shakespeare e pecha coa posta en escena de Valle-Inclán en galego, nun espectáculo que se atopa entre a tradición da farsa europea e a influencia xaponesa.

Desde o goberno da Xunta sentímonos moi orgullosos do noso apoio a un festival que transcende o puramente teatral para achegar ao corazón do Ribeiro unha oferta cultural diversa, de calidade e para todos os públicos. Cidadáns e visitantes, artistas e creadores, benvidos á 33 edición da MIT de Ribadavia.

**ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**

Conselleiro de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria

**DO 15 AO 24 DE XUÑO** bota a andar unha nova edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT), o festival internacional de teatro máis importante que se celebra en Galicia, que lle dá á capital do Ribeiro un protagonismo indiscutible entre os amantes das artes escénicas e que transcende máis aló dos límites da nosa comunidade grazas á ampla presenza de espectáculos de distintas partes de España e tamén doutros países europeos.

Imos xa para trinta e tres anos de éxitos, bo facer e aposta por unha oferta teatral de primeira liña que debemos de recoñecerlle unanimemente a esta Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia polo feito de engrandecer a imaxe dunha provincia sempre disposta a ofertar actividades de vangarda cultural.

A Deputación de Ourense sempre apostará por aqueles proxectos que contribúan á difusión e promoción da nosa provincia, pero tamén por aqueles que melloran o acceso á cultura dos nosos veciños, sexa cal sexa o lugar no que vivan. Neste sentido a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. cumpre perfectamente ambos cometidos e, por esa razón, ten recibido abundantes galardóns de recoñecemento.

En nome da Deputación Provincial de Ourense quero dar os meus parabéns a todo o equipo que fai posible unha edición máis da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia para que esta siga demostrando, ano tras ano, unha profesionalidade digna de destacar. O seu traballo será desfrutado amplamente por visitantes, veciños e veciñas e os aplausos que provocarán cada un dos espectáculos programados serán a recompensa que tanto merecen.

Só me queda pedir, un ano máis, longa vida e moitos éxitos para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

**MANUEL BALTAR**

Presidente da Deputación de Ourense

**QUEN NECESITA O TEATRO?** Todos o necesitamos. Os actores e actrices desta nova edición da MIT, sexan nacionais ou internacionais, móstrannos o que somos, e móstrannos o que poderíamos ser. Segundo Shakespeare, a tarefa do teatro é ser o espello do que somos.

Desde os seus inicios, a MIT tentou ser unha experiencia que reflectise o que mantén unida á nosa sociedade. Nas obras que se representan no Auditorio do Castelo, un recoñece os seus propios valores, aprende a aceptar outras opinións e comprender puntos de vistas distintos. Isto é esencial para a nosa convivencia diaria.

A MIT tamén é unha aposta xeracional. En vista dos cambios experimentados nos hábitos de con-sumo da mocidade, os artistas están chamados a explicar que atracción especial ten o teatro: ningún iPad ou calquera outro dispositivo tecnolóxico che pode achegar unha experiencia auténtica que leva o teatro: ser un medio a través do cal se poden intercambiar opinións antes e despois da actuación. Ademais, o teatro é un antídoto marabilloso para o illamento emocional que experimentan moitas persoas hoxe en día, sendo un obradoiro de reparación emocional.

Agora ben, quen pense que recortando no ámbito da cultura a nosa sociedade non se sente, está equivocado. O teatro non é un asunto periférico. O teatro en si só pode manter a súa importancia a longo prazo se se reinventa constantemente, provoca dun modo manifesto e amosa o seu compromiso social non renunciando a abordar temas sociopolíticos. É importante que o teatro manteña a súa independencia intelectual e artística.

A MIT sempre contou co respaldo do público que se achega a Ribadavia e desde hai algúns anos, mesmo participa, interactúa. Este modelo de interacción redefine o papel e a posición do espectador: como un operador móbil que participa activamente na realidade dunha actuación.

Por iso, déixense sorprender, gocen do ambiente teatral de Ribadavia, e sigan apoiando este punto de encontro imprescindible na vida cultural de Galicia.

**JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ**

Alcalde-Presidente do Excmo.  
Concello de Ribadavia

**QUÉ É A MIT?** Pódese pensar que a MIT son 10 días de teatro ou que é un evento máis do verán, coma outro calquera. Pero non. A MIT é algo máis complexo. Son 33 anos de tradición; son días de vida nos que ó saír á rúa se respira un ambiente diferente, de alegría, de ilusión, das xentes de sempre e de xentes diversas; son 10 días de soños, que se cumpren no que dura un espectáculo; son 33 anos nos que Ribadavia, unha vila pequena, por uns días, se pon no mapa internacional cultural.

Estamos a falar da MIT, pero que sería a MIT sen Ribadavia? Voluntarios, patrocinadores e colaboradores, o incondicional público, e profesionais que durante todo o ano traballan a reo para que todo sexa perfecto; o que nós chamamos o equipo MIT; un equipo no que para min sigue presente Rubén García. Ese Rubén que me deu a coñecer o teatro, que tantos esforzos fixo para que a MIT crecese e chegase a ser un evento de referencia. É para min unha honra e un reto formar parte deste equipo para que siga vivo o seu legado, avanzando pero sen perder esa esencia coa que naceu a MIT.

Que comece o espectáculo e longa vida á MIT!

**MARÍA LÓPEZ TOUZA**

Conceira de Cultura

**APOSTAR POLA ACCIÓN**, pola acción meditada, transformadora, con vocación de servizo público, é apostar por unha MIT conectada co esforzo, con tarefas continuadas e complexas, coa apertura de novas oportunidades, coas pontes fluídas entre a realidade do contexto e as realidades e retos internacionais, entre o ámbito académico e o creativo, entre o público fiel e aquel que podemos conquistar. Apostar pola acción é concederlle á MIT paixón para conquistar e ferramentas para que poida seguir progresando e dándolle satisfacción a cada vez máis xente, dándolle satisfacción e dereito, pois así consideramos que debe ser un servizo público de calidade coma este. O dereito de termos, coma calquera outra sociedade avanzada, proxectos culturais sólidos que posibiliten visibilizar e facer crecer ao conxunto do sector escénico galego, pero tamén que permitan ter acceso aos grandes mestres da escena internacional no noso ámbito cercano (nesa liña vai a presentación do traballo de Nekrosius nesta edición, por exemplo), que posibiliten alianzas e conexións artísticas acompañando e facendo de embaixadores de grupos e creadores galegos (este ano a MIT estivo convidada a diversos encontros e foros de intercambios, dende o CDN de Montpellier até o festival Sirenos de Lituania ou o Parlamento Europeo), que poidan ter a solvencia e a infraestrutura suficientes como para participar en campañas ou proxectos en parceria a longo prazo para concretar ilusións e utopías (a ledicia este ano de vermos *Golem* abrindo a MIT non sería posible nin económica nin loxisticamente sen a afianzada colaboración e entendemento entre o noso festival e o de Almada, ou a estrea dun dos máis recoñecidos traballos escénicos do panorama europeo en Galicia, *Clean City*, non tería acontecido sen o traballo man a man co festival Grec de Barcelona).

Apostar pola acción é unha maneira de declararlle a guerra ás dificultades. Perseguir a excelencia é un principio revolucionario, porque cingue o talento, a investigación e a constancia dos creadores e creadoras co público desexoso de encontrarse con eles. E esta MIT quere propiciar o mellor encontro posible, o máis inesquecible. Quizais por isto tamén nos foi concedido e recibimos con tanto agradecemento o Premio Rosa María Cano á mellor xestión cultural no ámbito das Artes Escénicas polos nosos veciños da Feria de Teatro de Castilla-León. Mais tamén están esoutros premios máis

discretos pero igualmente eficaces e beneficiosos, os do apoio solidario, os da crítica construtiva, os do alento honesto nos momentos clave, que tanto alimentan as conviccións e tarefas en prol dos dereitos, da autoestima e da calidade que como país tamén queremos conquistar dende e para o teatro.

As ilusións e os proxectos ás veces vense duramente truncados polo inxusta que é a vida en ocasións. Neste caso roubounos antes de tempo o gran talento e as calidades humana e artística de Miquel Gallardo, grande actor de monicreques que ía estrear con nós a coprodución de *Traidor*, a súa última peza despois de recibir o Premio do Público “Rúben García” na pasada edición da MIT. Xa non estará para agasallarnos coa súa arte e teimosía agrandando a linguaxe teatral, as convencións e as técnicas, pero a memoria do moito que cabía nos seus bonecos vivirá para sempre no público e na gran familia de afectos deste festival.

Gozar e saber, saborear as fusións desta arte total nunha cita que nos brinda un bo achegamento á frescura e o dinamismo do “novo circo”, ao 30 aniversario de Chévere, ao impulso do noso teatro e da nosa danza (o público en pé dentro e fóra de Galicia con Voadora, Nova Galega de Danza, Excéntricas e que con moito orgullo temos que seguir propiciando, xunto a todo o vigor e talento que é quen de albergar o noso programa L de novos creadores no pasado, hoxe e para o futuro: Diana Mera e o colectivo Gravidade 0,0, A Panaduría, Il Maquinario, Limiar, etc.). O proxecto Comedias de Teatro de la Ciudad, coa presenza de Alfredo Sanzol por partida dobre, no escenario e congregando a un numeroso grupo de profesionais arredor das súas ensinanzas. O experimental e o maxistral, sen parcelas pechadas, pois a MIT é unha canle aberta, participativa e igualitaria, con varios rumbos definidos e en cuxos foros e viaxes escénicas se embarcan cada vez máis maquinistas (este ano gozaremos do concerto de Mónica de Nut grazas á colaboración xenerosa do equipo de Arterficial). Os motores non paran e con eles sempre en marcha é posible esta viaxe. Grazas a todos eses motores, ao impecable persoal técnico, ao equipo, ao voluntariado e a todos os viaxeiros intrépidos e abertos.

**ROBERTO PASCUAL**  
Director Artístico da MIT



**SÁBADO 15** de xullo  
- 20:00h - **Praza Maior** (Ruadavia)

# DO NOT DISTURB. NO MOLESTAR

**Vaivén Circo**

Andalucía

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:**

Do not disturb. No molestar

**NOME DA COMPAÑÍA:** Vaivén Circo

**AUTORÍA:** Vaivén Circo

**DIRECCIÓN:** Rosa Díaz "La Rous"

**INTÉRPRETES:** Miguel Ángel Moreno "Bolo", Raquel Pretil, Emilio López e Chema Martín

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Pepe del Pino

**ILUMINACIÓN:** Javier Luna

**SON/MÚSICA:** Iván Monje

**INDUMENTARIA-CARACTERIZACIÓN:**

Josefina Alfonso

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Circo Danza

**DURACIÓN:** 55 min

**WEB:** [www.vaivencirco.com](http://www.vaivencirco.com)



## A CRÍTICA DIXO

Al salto poético que para la compañía supone esta pieza, sin duda, han contribuido: la inquietud y rigor profesional -la investigación y formación continua de los miembros de Vaivén en las artes circenses que les llevó hasta la escuela de Le Lido (Toulouse)-, y el haber confiado la dirección escénica a una creadora extraordinaria, mujer de teatro integral como es Rosa Díez. Espectáculo sorprendente, lírico, embaucador.

**Mónica Francés, Actual.**

Puede ser la alegría, la destreza y la contundencia de la propuesta en el escenario. O la espectacularidad de algunos momentos. O las ganas que demuestra el equipo en cada instante. Y el humor. Quizás sea una suma de cosas. O, quizás, la clave esté en

ese aire a los *Tiempos Modernos* de Chaplin. La verdad es que es difícil explicarlo. Pero hay algo en el nuevo espectáculo de Vaivén Teatro Circo que engancha, que atrae y que alegra. Porque Do not disturb les ha hecho subir un nuevo escalón, un peldaño que les acerca cada vez más al circo marcado por la excelencia y la genialidad.

**Nacho Sánchez.**

Miguel Ángel Moreno “Bolo” é Premio Nacional de Circo 2016. O xurado recoñece ao fundador de Vaivén pola “renovación da acrobacia a partir da incorporación de elementos escénicos” e pola súa “capacidade de dinamizar o circo ctual, especialmente no ámbito andaluz, e a súa gran proxección nacional e internacional”.

Este espectáculo foi galardoado nos Premios de Teatro Andaluz como:

- **Mellor espectáculo de Rúa e Circo.**
- **Mellor escenografía**

Tamén nos A.C.A. do Circo Andaluz como:

- **Mellor espectáculo**
- **Mellor dirección**
- **Mellor composición musical**

**Do Not Disturb. No Molestar, trasladanos a un día de traballo en calquera fábrica de principios do século XX. Catro personaxes singulares traballados para provocar sentimentos de todo tipo no público, eses sentimentos que só afloran cando nos vemos reflectidos. Personaxes, en fin, levados ao límite: ao límite do risco, do absurdo e tamén ao límite da ternura.**

Do Not Disturb. No Molestar, nos traslada a un día de traballo en calquier fábrica de principios do século XX. Cuatro personaxes singulares traballados para provocar sentimentos de todo tipo en el público, esos sentimientos que sólo afloran cuando nos vemos reflejados. Personajes, en fin, llevados al límite: al límite de riesgo, de absurdidad y también al límite de ternura.

*“Do Not Disturb” transports us to a working day in any factory at the beginning of the twentieth century. Four singular characters designed to evoke feelings of every type in the audience, feelings which only come to the surface when we see ourselves reflected in others. Characters who are taken to the limit: to extremes of risk, of absurdity and also of tenderness.*

**SÁBADO 15** de xullo

- 23:00h - Auditorio Rubén García do Castelo

# GOLEM

1927

Reino Unido

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** Golem

**NOME DA COMPAÑÍA:** 1927, en coprodución co Salzburg Festival, Théâtre de la Ville París e Young Vic

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Suzanne Andrade

**INTÉRPRETES:** Genevieve Dunne, Nathan Gregory, Philippa Hambly, Rowena Lennon e Felicity Sparks

**ANIMACIÓN, PELÍCULA E DESEÑO:** Paul Barritt

**MÚSICA:** Lilian Henley

**ASOCIADO DE DIRECCIÓN E DESEÑO:**

Esme Appleton

**DESEÑO DE SON:** Laurence Owen

**VESTIARIO:** Sarah Munro

**DRAMATURXIA:** Ben Francombe

**ASOCIADO DE ANIMACIÓN:** Derek Andrade

**TAMBORES E PERCUSIÓN:** Will Close

**DESEÑO DA PANTALLA DE PROXECCIÓN:**

James Lewis

**CONSTRUCCIÓN DE DECORADO:** Joe Marchant e West Yorkshire Playhouse



**CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIO:** Sarah Munro, coa asistencia de: Martha Copeland

**DIRECTORA DE PRODUCCIÓN:** Helen Murgridge

**TÉCNICO DE SON:** Chris Prosho

**PRODUTORA:** Jo Crowley

**VOZ DE GOLEM (GRAVADA):** Ben Whitehead

**VOZ GRAVADA ADICIONAL:** Suzanne Andrade

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Maiores de 12 anos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Teatro e videoproxección

**DURACIÓN:** 90 min

**IDIOMA:** Inglés, con sobretítulos en galego

**WEB:** [www.19-27.co.uk](http://www.19-27.co.uk)



## A CRÍTICA DIXO

**THE STAGE:** "Golem, de 1927, é a produción máis orixinal de todo Londres".

**BRITISH THEATRE GUIDE:** "Pode que Golem sexa unha das producións teatrais máis brillantes deste século. É un logro de proporcións épicas que aúna sen esforzos artes, xéneros e soportes".

**THE INDEPENDENT:** "Non encontrará unha interacción sincronizada máis deslumbrante entre

a interpretación en vivo e un mundo satírico e louco como en Golem".

**THE TIMES:** "Divertido, inquietante e inolvidable (...). Un Frankenstein para o século XXI, cheo de vida, imaxinación e humanidade".

Dende 2007, esta compañía presentou os seus espectáculos en máis de 120 teatros e festivais, en 35 países e arredor dos 5 continentes. Esta é a súa presentación en Galicia, despois de colleitar numerosos premios e recoñecementos.

Xira en partenariat co Festival de Almada (Portugal).



**Ambientada nun mundo futurista, onde a tecnoloxía evolucionou para transcender os límites do control humano, Golem é unha innovadora e orixinal creación da compañía 1927 que explora de forma inusitada o ser humano e as súas máquinas. Coa estética dunha novela gráfica de gigantes proporcións, a troupe británica invita ao público a adentrarse no conto escuro e fantástico dun extraordinario home ordinario. Fusionando sobre as táboas a animación artesá, o stop motion, a interpretación e a música en directo, 1927 presenta unha fábula "divertida e inolvidable" que explora de forma satírica e intelixente unha das grandes cuestións do mundo moderno: quen ou que ten o control sobre as nosas tecnoloxías?**

Ambientada en un mundo futurista, donde la tecnología ha evolucionado para transcender los límites del control humano, Golem es una innovadora y original creación de la compañía 1927 que explora de forma inusitada al hombre y sus máquinas. Con la estética de una novela gráfica de gigantes proporciones, la troupe británica invita al público a adentrarse en el cuento oscuro y fantástico de un extraordinario hombre ordinario. Fusionando sobre las tablas la animación artesanal, el stop motion, la interpretación y la música en directo, 1927 presenta una fábula "divertida e inolvidable", que explora de forma satírica e inteligente una de las grandes cuestiones del mundo moderno: ¿quién o qué tiene el control sobre nuestras tecnologías?

*Drawing on the myth of The Golem - the story of a man who fashions a creature out of clay to work for him - as a starting point, 1927 has creating an original production exploring man and his machines. 1927's Golem is not a re-telling or adaptation of the Golem myth but an original story that examines the relationship between an extraordinarily ordinary man, and his Golem... Located in a fictional yet familiar world, where technology and the market economy have evolved to a point of transcending the boundaries of human control, Golem has become a must have, indispensable ingredient for a better life. But its very existence, threatens the prospect of those who created it.*

**DOMINGO 16** de xullo  
- 20:30h - **Praza Maior** (Ruadavia)

# VINCLES

**Circ Bover**  
Illas Balears

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** Vincles

**COMPAÑÍA:** Circ Bover

**DIRECCIÓN:** Pau Bachero

**INTÉRPRETES:** Camile Sola, Guillem Peudon, Gràcia Maragues e Mateu Canyelles

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Pau Caracuel

**ILUMINACIÓN:** Pau Caracuel

**INDUMENTARIA-CARACTERIZACIÓN:** Steffi Knabe

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Circo

**DURACIÓN:** 55 min

**WEB:** [www.circbover.com](http://www.circbover.com)



- Premio Zirkolika 2016 ao mellor espectáculo por votación popular.
- Premio ao mellor espectáculo de rúa FETEN 2016.
- Premio Move Award 2016 ao mellor espectáculo de teatro visual de Europa.
- Premio ATAPIB ao mellor espectáculo 2016.

**A partir dun sinxelo elemento: cañas de bambú, constrúese un espectáculo cuxo obxectivo é transmitir a elegancia e a técnica das artes circenses a través dunha montaxe totalmente diferente e sen precedentes.**

**Os elementos escénicos primarios transfórmanse, xunto ás emocións, e entre elas xorden diferentes números de circo contemporáneo. Móstrase que partindo do esencial, de elementos sinxelos, chégase á sofisticación e á calidade artística e técnica extrema.**

A partir de un sencillo elemento: cañas de bambú, se construye un espectáculo cuyo objetivo es transmitir la elegancia y la técnica de las artes circenses, a través de un montaje totalmente diferente, y sin precedentes.

Los elementos escénicos primarios se transforman, junto a las emociones, y entre ellas surgen diferentes números de circo contemporáneo. Se muestra que partiendo de lo esencial, de elementos sencillos, se llega a la sofisticación y a la calidad artística y técnica extrema.

*Starting from a simple object, bamboo canes, this show aims to convey the elegance and technique of the art of circus, with a production that is highly distinctive and novel.*

*The primary elements of the staging are transformed, along with the emotions that these evoke, into a range of contemporary circus turns. The show demonstrates that starting from the simplest of elements it is possible to achieve sophistication, art and technique of the highest quality.*

**DOMINGO 16** de xullo

- 23:00h - **Auditorio Rubén García do Castelo**

# ANNUS HORRIBILIS

**Chévere (30 aniversario)**

Galicia

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** Annus Horribilis

**COMPAÑÍA:** Chévere

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Chévere

**INTÉRPRETES:** Patricia De Lorenzo, Miguel De Lira, Manuel Cortés, Borja Salcedo, César Goldi, Suso Alonso

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Chévere

**MÚSICA:** Fran Pérez

**LIBRETO:** Pepe Sendón

**ILUMINACIÓN:** Fidel Vázquez

**SON:** Xurxo Pinheiro

**INDUMENTARIA-CARACTERIZACIÓN:** Chévere

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Musical

**DURACIÓN:** 100 min

**IDIOMA:** Galego

**WEB:** [redenasa.tv](http://redenasa.tv)



**En 2017 Chévere cumple 30 anos sobre os escenarios** e quere celebralo agasallando ao público. Por iso recupera tres espectáculos senlleiros do repertorio da compañía, que se poderán ver apenas durante o mes de xullo. Un deles é *Annus Horribilis*, unha pequena ópera portátil creada e estreada en 1994 na Sala Nasa de Santiago de Compostela, pero con vocación de chegar aos máis grandes auditorios. *Annus* percorreu España e Portugal en versión orixinal, superando as 100 representacións, e chegou a recibir o Premio da Crítica de Barcelona ao Mellor Musical da temporada 95-96, competindo coas grandes producións do Paralelo.

**A finais de xuño de 1987 Chévere actuaba por primeira vez en público** e facíao na Praza dos Bombeiros de Santiago de Compostela, detrás da Escola Mestre Mateo. Trinta anos despois daquela noite de verán a compañía segue funcionando e está vivindo un dos seus mellores momentos artísticos e profesionais. Premio da Crítica de Galicia 2011. Premio de Honra da MIT de Ridabavia 2012. Premios María Casares ao Mellor Espectáculo en 2012, 2014, 2017. E Premio Nacional de Teatro 2014. Celebramos en Ribadavia o seu 30 aniversario.

**Annus Horribilis é unha ópera integramente cantada en galego. Unha picadora escénica que esmiza os estereotipos do xénero lírico e reinventa unha fórmula de teatro musical difícilmente clasificable. As tribulacións da familia real británica son trasladadas a Galicia para escenificar intrigas cortesás, romances ilegítimos e loitas entre dúas liñas dinásticas enfrentadas: os Tamara contra os Cunters. Cinco cantantes, un pianista e un presentador. Acaso unha ópera precisa algo máis?**

*Annus Horribilis* es una ópera íntegramente cantada en gallego. Una picadora escénica que desmenuza los estereotipos del género lírico y reinventa una fórmula de teatro musical difícilmente clasificable. Las tribulaciones de la familia real británica son trasladadas a Galicia para escenificar intrigas cortesanas, romances ilegítimos y luchas entre dos líneas dinásticas enfrentadas: los Tamara contra los Cunters. Cinco cantantes, un pianista y un presentador. Acaso una ópera necesita algo más?

*Annus Horribilis is an opera sung entirely in Galician. This staging dismantles the stereotypes of opera and reinvents musical theatre in a format which is difficult to classify. The tribulations of the UK's Royal Family are transported to Galicia in order to portray the intrigues of courtesans, illicit romances and struggles between the two dynasties: the Tamaras and the Cunters. Five singers, a pianist and a presenter. Does an opera need more?*



# FLACA, FLACA, FLACA. 30 ANOS DE CHÈVERE.

Esther F. Carrodegua

**EU ESTABA SENTADA Á ESQUERDA**, na Praza Castelao. Á esquerda do espectador (ou espectadora), digo. Eles tamén estaban á esquerda -mesmo cando estaban á dereita- e non só polo milagre do teatro (que fai que haxa dúas esquerdas mais, para compensar, dúas dereitas tamén), senón porque se posicionaban.

Recórdoo perfectamente. O teatro era ao aire libre, en Rianxo: non existía aínda o Auditorio onde este inverno atracará Eroski Paraíso para facer as delicias dun público que de seguro pode recordar aínda aquela mítica Rio Bravo, na Praza Castelao: “flaca, flaca, flaca”. Recordo as risas. Recordo que por un tempo faciamos aquela chiscadela entre colegas de entrar nos sitios polas portas máxicas do grelo\*western. Daquela eu era sinxelamente unha pequena porción de público: non soñaba para nada con subirme a un escenario. Podía soñar en todo caso con estar fraca, fraca e fraca... Pero nada máis.

Pasaron os anos. Non sei cantos. Moitos. Cambiou a vida. Estudei, vivín, viaxei. Traballei, traballei, traballei e case sen decatarme aterrei nas táboas, diante e detrás. Para entón eles seguían aí: posicionados na esquerda onde os coñecera: sendo un facho que concede esperanza porque nos demonstra que se pode, se se quere. Se se quere moito.

Este mesmo ano convidáronme a subirme con eles á súa esquerda. Foi un deses momentos nos que pensas que por fin un soño se cumpre, na túa vida, aínda que sigas estando igual de gordiña que aquel día, na Praza Castelao.



**Chévere**

PRESENTA

**ANNUS  
HORRIBILIS**

COA COLABORACION DE EURO PIANOS

**PICCOLA OPERA PORTABILE**

MINISTERO DE CULTURA  
INAEM

**LUNS 17** de xullo

- 23:00h - Auditorio Rubén García do Castelo

# CLEAN CITY

**Onassis Cultural Centre-  
Athens e Goethe Institut**

Grecia e Alemaña

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** Clean City

**COPRODUCIDO POR:** Onassis Cultural Centre-Athens e Goethe-Institut, no marco do proxecto EUROPOLY, dos Institutos Goethe de Alemaña en Europa, en cooperación co Münchner Kammerspiele, Onassis Cultural Centre-Athens, Sirenos-Vilnius International Theatre Festival, Teatro Maria Matos Lisboa e Tiger Dublin Fringe.

**ORGANIZACIÓN DA XIRA:**

Onassis Cultural Centre-Athens

**DIRECCIÓN, INVESTIGACIÓN E TEXTO:** Anestis Azas e Prodromos Tsinikoris

**INTÉRPRETES:** Rositsa Pandalieva, Fredalyn Resurreccion, Drita Shehi, Valentina Ursache e Lauretta Macauley

**DRAMATURXIA:** Margarita Tsomou

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO E INDUMENTARIA:** Eleni Stroulia

**ASISTENTE DE ESCENOGRAFÍA E DESEÑO DE FIGURINOS:** Zaira Falirea



**ILUMINACIÓN:** Eliza Alexandropoulou

**MÚSICA:** Panagiotis Manouilidis

**VÍDEOS:** Nikos Pastras

**ASISTENCIA DE DIRECCIÓN:** Ioanna Valsamidou e Liana Taousiani

**CONSTRUCCIÓN DE MONICREQUE:**

Yiannis Katranitsas

**INTERVENCIÓN NO VÍDEO:** Nelly Kambouri

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Adulto

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Teatro documento

**DURACIÓN:** 75 min

**IDIOMA:** Grego, con sobretítulos en galego

**WEB:** [www.goethe.de/europoly](http://www.goethe.de/europoly) ,  
<http://www.sgt.gr/eng/SPG1360/>

## A CRÍTICA DIXO

Na liña do mellor estilo de Rimini-Protokoll, Anestis Azas e Prodromos Tsinikoris presentan sobre o escenario cinco limpadoras que nos falan do seu traballo en Grecia dunha maneira alegre, franca e honesta. Tendo traballado alí ilegalmente e sendo así explotadas durante moito tempo, aínda estaban mellor en Grecia ca nos seus países de orixe: Sudáfrica, Moldavia, Albania ou Filipinas.

**Süddeutsche Zeitung**

Vemos o que está sucedendo no escenario como o auto-empoderamento desas mulleres. E ao final, cando bailan Zeibekiko, que tradicionalmente está reservado para os homes gregos, convértese nun signo da súa emancipación: florece cara o final porque obteñen atención e respecto, e si - a súa dignidade é devolta.

**Taz.de**

Quen falou da morte do teatro político? A escena segue sendo o mellor foro onde calquera cou-

sa pode ser pensada e inventada con vivacidade. E o sentido cómico, lúdico, destas mulleres da limpeza bailando son a mellor arma de resistencia. Máis eficaz cós laios que languidecen. A risa fainos vivir mellor cás bágoas.

**Fabienne Pascaud, Télérama, 4.10.06**

Xira en partenariado co Festival GREC de Barcelona e Asphalt de Düsseldorf (Alemaña).

**O partido grego de extrema dereita "Amanecer Dorado" ten como obxectivo "limpar" Grecia dos seus inmigrantes. Os directores de escena gregos Anestis Azas e Prodromos Tsinikoris recollen esta mesma retórica para presentarnos a seguinte cuestión: Quen fai a limpeza neste país? Na década dos 80 tratábase de mulleres inmigrantes procedentes de Filipinas, nos anos 90 mulleres procedentes dos Balcáns e do antigo bloque do leste, e dende o ano 2000 son principalmente mulleres inmigrantes de Asia e África. En CLEAN CITY, persoal da limpeza desas diversas xeracións de mulleres inmigrantes falan sobre un traballo onde os contrastes sociais coliden todos os días e tamén sobre a solidariedade en tempos de crise.**

El partido griego de extrema derecha "Amanecer Dorado" tiene como objetivo "limpiar" Grecia de sus inmigrantes. Los directores de escena griegos Anestis Azas y Prodromos Tsinikoris recogen esa retórica para presentarnos la siguiente cuestión: ¿Quién hace limpieza en este país? En la década de los 80 se trataba de mujeres inmigrantes procedentes de Filipinas, en los años 90 mujeres procedentes de los Balcanes y del antiguo bloque del este, y desde el año 2000 son principalmente mujeres inmigrantes de Asia y África. En CLEAN CITY, personal de la limpieza de esas diversas generaciones de mujeres inmigrantes hablan sobre un trabajo donde los contrastes sociales chocan todos los días y también sobre la solidaridad en tiempos de crisis.

*The extreme right-wing party "Golden Dawn" aims to "cleanse" Greece of its immigrants. The Greek stage directors, Anestis Azas and Prodromos Tsinikoris, turn this rhetoric against itself and pose the question: "Who does the cleaning in this country?" In the 1980s female immigrants to Greece came from the Philippines, in the 90s from the Balkans and the former Eastern Block and since 2000 primarily from Asia and Africa. In CLEAN CITY, cleaning staff from these different generations of female immigrants talk about work, where social differences are brought into sharp relief every day, and about solidarity in times of crisis.*





**CLEAN CITY** é un espectáculo que pon en escena xente real, un espectáculo que documenta a vida cotiá de varias mulleres da limpeza nos últimos 30 anos en Grecia. Os seus relatos en escena, complementáanse con gravacións de audio e vídeo e aos directores desta peza, tamén lles interesou a dimensión política destes relatos de vida, como as radicais reformas laborais acontecidas en Grecia nos últimos anos e o seu impacto na clase traballadora. Unha realidade concreta que como espectadores/as seguramente compararemos coa nosa realidade, pois as políticas, as esixencias da Troika e a realidade sociolaboral non deixa de ter moitos puntos en común nos países da Unión Europea. Mais para comprendermos ben a realidade concreta e as referencias máis locais, ofrecemos este breve **glosario** que ha axudar ao público a comprender mellor o que se desprega sobre o escenario con CLEAN CITY:

**NOTIS SFKIANAKIS:** Cantante pop grego e nacionalista declarado que publicamente expresou a súa simpatía polos réximes fascistas do século vinte.

**GIANNIS ANTETOKOUNMPO:** Xogador de baloncesto grego de ascendencia nixeriana que naceu en Atenas e se criou como inmigrante de segunda xeración sen papeis legais. A súa carreira comezou coa equipa de baloncesto "Philathilitikos". Despois de que o descubrixe un olleador da NBA marchou aos USA onde lle ofreceron a nacionali-

dade grega, americana e nixeriana case ao mesmo tempo. El escolleu a nacionalidade grega sendo un dos xogadores fundamentais da selección nacional desde aquela.

**PETROU RALLI:** Avenida na parte occidental de Atenas onde se sitúa a única oficina de rexistro de estranxeiros da cidade. Todos os seus asuntos deben ser arranxados alí, sexa cando un refuxiado quer solicitar asilo ou cando un inmigrante precisa renovar o permiso de residencia.

**AMENCER DOURADO:** Unha organización política que foi fundada a finais da década de 1970 como un grupo neonazi típico. Co inicio da crise pasaron a ser unha forza nacionalista e antisistema moi implantada, e son o terceiro partido máis grande no Parlamento Grego co 7% dos votos. Despois de que o rapeiro Pavlos Fyssas fose asasinado por un dos seus membros case todo o grupo parlamentario foi arrestado e acusado de pertenza a unha organización criminal. O xuízo contra Amencer Dourado comezou en abril de 2015 e aínda non rematou. Namentres, todos os integrantes do partido impu-tados foron postos en liberdade.



**MARTES 18** de xullo  
- 23:00h - Auditorio Rubén García do Castelo

# LA TERNURA

**Teatro de la Ciudad e  
Teatro de la Abadía**  
Madrid

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** La ternura  
**COMPAÑÍA:** Teatro de la Ciudad e Teatro de la Abadía

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Alfredo Sanzol  
**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Beatriz Jaén  
**INTÉRPRETES:** Paco Déniz, Elena González, Natalia Hernández, Javier Lara, Juan Antonio Lumbreras e Eva Trancón.

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO E VESTIARIO:** Alejandro Andújar

**ILUMINACIÓN:** Pedro Yagüe

**AXUDANTE DE ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:**

Almudena Bautista

**PRODUCCIÓN EXECUTIVA:** Jair Souza-Ferreira

**AXUDANTES DE PRODUCCIÓN:** Elisa Fernández/  
Sara Brogueras

**DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN:** Miguel Cuervo

**COMUNICACIÓN:** El Norte Comunicación

**FOTOGRAFÍA:** Luis Castilla/María Artiaga

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Adulto

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Teatro (comedia)

**DURACIÓN:** 120 min

**IDIOMA:** Español

**WEB:** [www.teatrodelaciudad.es](http://www.teatrodelaciudad.es)



## A CRÍTICA DIXO

Es, sin duda, una de las comedias más brillantes de este año –y, una de las más conseguidas de toda la producción de Sanzol–: por el equilibrio entre presente y pasado a modo de homenaje, por la inventiva de la escritura, por la eficacia de la puesta en escena y por el punto justo de inspiración en que se encuentra el elenco. Pero, sobre todo, por la risa; y por esa sensación de habérselo pasado en grande que se respira cuando uno sale del teatro: una sensación que rara vez se experimenta. Un espectáculo redondo y sin fisuras que hubiese aplaudido hasta el mismísimo Shakespeare.

**Hugo Álvarez, Butaca en anfiteatro.**

La ternura es una de esas obras que nadie debería perderse. Alfredo Sanzol, hace alarde de talento e imaginación en la que ya es, para muchos, la mejor obra del año.

**Aldo Ruíz, El teatrero.**

Sanzol nos habla, entre carcajadas, de la vida, de esos progenitores que no pueden proteger por siempre jamás (muy a su pesar) a sus retoños, del amor y la valentía para entregarse a él (sea hacia quien sea). Y de muchas otras cosas que mejor descubrir viéndola. Un espectáculo con un corazón de oro, como todos los de este autor (vaya cabeza y sensiblería que tiene, tándem inusual), del que se sale con una sensación de alegría que no se siente muy a menudo en el teatro. Una obra con potencial para llegar a un gran público (y ojalá lo haga) como las propias obras de Shakespeare. Genialada la de Sanzol y estos artistas que han conseguido su objetivo: este montaje, uno de los mejores de la temporada.

**Miguel Gabladón. Notodo.com**

**La Ternura conta a historia dunha raíña algo feiticeira e das súas dúas fillas princesas que viaxan na Armada Invencible obrigadas por Felipe II a casaren en matrimonios de conveniencia con nobres ingleses unha vez que se lograra con éxito a invasión de Inglaterra. A Raíña Esmeralda odia aos homes porque sempre condicionaron a súa vida e lle quitaron a liberdade, así que non está disposta a que as súas fillas teñan o mesmo destino ca ela. Cando a Armada pasa preto dunha illa que a Raíña considera deserta crea unha tempestade que afonde o barco no que viaxan. O seu plan é quedar a vivir nesa illa coas súas fillas para non volveren ver un home na súa vida. O problema é que elixen unha illa na que desde hai vinte anos viven un leñador cos seus dous fillos que fuxiron alí para non volveren ver unha muller na súa vida. En canto a raíña e as dúas princesas descubren que non están soas, vístense de homes para se protexeren. E aquí comezan as aventuras, os líos, os namoramentos, e as confusións.**

La Ternura cuenta la historia de una reina algo maga y sus dos hijas princesas que viajan en la Armada Invencible obligadas por Felipe II a casarse en matrimonios de conveniencia con nobres ingleses una vez que se lograra con éxito la invasión de Inglaterra. La Reina Esmeralda odia a los hombres porque siempre han condicionado su vida y le han quitado la libertad, así que no está dispuesta a que sus hijas tengan el mismo destino que ella. Cuando la Armada pasa cerca de una isla que La Reina considera desierta crea una tempestad que hunde el barco en el que viajan. Su plan es quedarse a vivir en esa isla con sus hijas para no volver a ver un hombre en su vida. El problema es que eligen una isla en la que desde hace veinte años viven un leñador con sus dos hijos que huyeron allí para no volver a ver una mujer en su vida. En cuanto la reina y las dos princesas descubren que no están solas se visten de hombres para protegerse. Y aquí comienzan las aventuras, los líos, los enamoramientos, y las confusiones.

*La Ternura, "Tenderness", tells the story of a queen with magical powers and her two daughters, who are travelling with the Spanish Armada. Once the Armada has successfully invaded England, Felipe II will oblige the two princesses to contract marriages of convenience with English noblemen. Queen Esmeralda hates men because they have always controlled her life and deprived her of her liberty. So she is not prepared to let her daughters experience the same fate. When the Armada sails close to an island which the Queen believes to be deserted, she creates a storm which sinks the ship in which they are travelling. She plans to live on this island with her daughters so that they will never have to see another man for the rest of their lives. The problem is that they have chosen an island where a woodcutter and his two sons have been living for twenty years. They had fled there in order to avoid seeing another woman for the rest of their lives! As soon as the queen and the two princesses discover that they are not alone, they dress as men in order to protect themselves. Then the adventures, the problems, the falling in love and the confusion begin.*

**MÉRCORES 19** de xullo

- 20:00h - **Francelos**

(Programa SputMIT - satélites da MIT)

# XAN PERILLÁN COMPRA QUEIXO, COMPRA PAN

**Os monicreques de Kukas**  
Galicia

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** Xan Perillán Compra Queixo, Compra Pan

**COMPAÑÍA:** Os monicreques de Kukas

**AUTORÍA:** Marcelino de Santiago (Kukas)

**DIRECCIÓN:** Isabel Rei Pousada

**INTÉRPRETES:** Marcelino De Santiago (Kukas)

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Marcelino de Santiago (Kukas)

**ILUMINACIÓN, ESPAZO SONORO E CARACTERIZACIÓN:** Kukas e Isabel Rei

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Comedia mixta (pallaso, marionetas e maxia)

**DURACIÓN:** 50 min

**IDIOMA:** Galego

**WEB:** [kukas.redbiocultural.net](http://kukas.redbiocultural.net)





Continuando coas súas andainas, nesta segunda entrega o amigo Xan Perillán vai mercar ó Híper mega súper mercado “O Rato Colorado”... Mais o trasno do consumo irresponsable perségueo de aquí para acolá... Mercará ben ou deixárase engaiolar polo consumismo, a publicidade enganosa e a comida lixo? Cun pouco de maxia, moitas risas e a axuda do seu leal e sensato loriño Ravachol conseguirá facer unha compra responsable, sostible e ecolóxica, mercando só o necesario, reducindo, re—utilizando, reciclando e reflexionando. Un espectáculo que mestura o clown e a pantomima coa maxia e os monicreques, compaxinando o ocio e o divertimento coa educación no consumo responsable e nos hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente e a ecoloxía.

**SON:** Víctor Tomé (Sonicine)

**VESTIARIO:** Sara Sánchez La Morena

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Danza

**DURACIÓN:** 80 min

**WEB:** [www.novagalegadedanza.com](http://www.novagalegadedanza.com)

## A CRÍTICA DIXO

Consegue unha deliciosa amálgama na que o virtuosismo dancístico, na execución dos bailaríns, se pon ao servizo dunhas atmosferas que hibridan estilos, nomeadamente a danza tradicional galega, o flamenco e o contemporáneo, pero dentro

dunha textura e un ton de afirmación identitaria galega. Son, ademais, comete a fazaña de amosarnos unha revisión homoerótica da tradición, que se ergue mestiza.

**Afonso Becerra, Revista Galega de Teatro.**

**O baile e a música deste espectáculo innovador cautivarán ao público. As coreografías iran se sucedendo e ligando entre si por transicións nas que se usarán diferentes elementos que acostuman formar parte dun obradoiro de escultura, ademais de elementos da evocadora paisaxe galega. A linguaxe coreográfica despregada para o espectáculo conta con pasos de catro estilos diferentes: a danza tradicional galega, a estilización da danza española, a danza contemporánea e o flamenco.**

**"O primeiro que se experimenta cando se crea é unha contundente sensación de ESTAR, de FACER SENDO. A mirada activa tamén é creativa, sinte, proxecta, respira. Aquí vimos a atoparnos os uns cos outros. Os que bailan, os que miran coa ABERTURA do viaxante, os extremos de diferentes pólas que descubren ao inclinarse cara a terra que os sostén, o tronco común e as infinitas raíces, que seguen medrando e cambiando, que fai que as pólas teñan que moverse, pois**

**as raíces seguen facéndoos e as pólas non poden quedar estáticas se queren conter vida. Vimos a atoparnos coa mesma obra, aquela que nos chama, que nos fixo transitar por uns camiños e non por outros, a cegas, coma se a obra mesma quixese o seu momento, o seu lugar. E o artista déixase aberto, porque para el existen. Porque para el SON." Marita Carmona**

El baile y la música de este espectáculo innovador cautivarán aol público. Las coreografías se irán sucediendo y ligando entre sí por transiciones en las que se usarán diferentes elementos que suelen formar parte de un taller de escultura, además de elementos del evocador paisaje gallego. El lenguaje coreográfico desplegado para el espectáculo cuenta con pasos de cuatro estilos diferentes: la danza tradicional gallega, la estilización de la danza española, la danza contemporánea y el flamenco.

*The dancing and music of this innovative show will captivate audiences. One type of choreography follows another, linked by transitions which make use of different elements normally employed in a sculpture workshop as well as those evocative of the Galician landscape. The choreographic language used by the show deploys four different styles; traditional Galician dance, stylized Spanish dance, contemporary dance and flamenco.*

**LUNS 24** de xullo

- 19:30h - **Sampaio**

(Programa SputMIT - satélites da MIT)

- 21:00h - **Santo André**

(Programa SputMIT - satélites da MIT)

## ○ AFIADOR

**Mago Teto**

Galicia

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** ○ Afiador

**COMPAÑÍA:** Mago Teto

**AUTORÍA E DIRECCIÓN:** Héctor Guerra

**INTÉRPRETES:** Mago Teto

**INDUMENTARIA-CARACTERIZACIÓN:** Aratzazu Dominguez e Ebanesteria A Roda

**PÚBLICO RECOMENDADO:** A partir de 7 anos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Maxia

**DURACIÓN:** 50 min

**IDIOMA:** Galego


**WEB:** [www.magoteto.com](http://www.magoteto.com)

| PÁX.50 |



AFIADOR





**Un espectáculo que xira arredor dunha roda de afiar dos anos 30 herdada polo mago Teto dos seus antepasados. O afiador, un oficio que tivo o seu apoxeo nos séculos XVIII e XIX e que está practicamente extinguido no século XX. Os afiadores desprazábanse centos ou miles de kilómetros por uns días ou por anos, coa única compañía da súa roda. Para este espectáculo, miles de historias e aventuras doutros tempos son postas en escena coa axuda do ilusionismo. Para os efectos de maxia empréganse elementos típicos dos afiadores como poden ser coitelos, tesoiras, navallas e paraguas.**

Un espectáculo que gira en torno a una rueda de afilar de los años 30 heredada por el mago Teto de sus ancestros. El afilador, un oficio que tuvo su apogeo en los siglos XVIII y XIX y que está prácticamente extinto en el siglo XX. Los afiladores se desplazaban cientos o miles de kilómetros por unos días o por años, con la única compañía de su rueda. Para este espectáculo, miles de historias y aventuras de otros tiempos son puestas en escena con la ayuda del ilusionismo. Para los efectos de magia se emplean elementos típicos de los afiladores como pueden ser cuchillos, tijeras, navajas y paraguas.

*A show which revolves around a thirty year old knife sharpening wheel inherited by the magician Teto from his ancestors. Knife sharpening is a trade which had its hey day in the 18th and 19th centuries and which nowadays is practically extinct. Knife sharpeners used to travel for hundreds and thousands of kilometres, for days or for years, with only their wheel for company. Thousands of stories and adventures from other times are staged for this show with the help of illusion. In order to create these magical effects elements typically used by knife-sharpeners are employed, such as knives, scissors, razor blades and umbrellas.*

**LUNS 24** de xullo

- 23:00h - **Auditorio Rubén García do Castelo**

# A CABEZA DO DRAGÓN

**PT Excéntricas**

Galicia

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** A Cabeza do dragón

**COMPAÑÍA:** Producións Teatrais Excéntricas

**AUTORÍA:** Ramón María Del Valle-Inclán

**DIRECCIÓN:** Quico Cadaval

**INTÉRPRETES:** Quico Cadaval, María Costas, Iván Marcos, Yelena Molina, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Josito Porto e Patricia Vázquez

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Baltasar Patiño

Iluminación: Baltasar Patiño

**SON / MÚSICA:** Música orixinal de Javier María López interpretada polos músicos do T.A.C. (Taller Atlántico Contemporáneo) e dirixida por Diego García Rodríguez

**INDUMENTARIA-CARACTERIZACIÓN:** Suso Montero

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos los públicos

**TIPO DE ESPECTÁCULO:** Farsa fantásiosa

**DURACIÓN:** 95 min

**IDIOMA:** Galego

**WEB:** [www.excentricas.net](http://www.excentricas.net)

[www.facebook.com/acabezadodragon](https://www.facebook.com/acabezadodragon)







### **A CRÍTICA DIXO:**

O conxunto consegue que o formidablemente complexo mundo de Valle se adapte a un molde de humor popular que o público acepta e recoñece como propio, entendendo que o que se edulcora é, en realidade, un trago de cicuta.

**Manuel Xestoso, Revista Galega de Teatro.**

**“A Cabeza do Dragón” foi incluída polo autor, Ramón María del Valle-Inclán, nunha colección de farsas que, titulou, ironicamente, “Retábulo de marionetas para educación de príncipes”. A historia conta, unha vez máis, a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo, e tamén na nosa, a cultura europea.**

**Un príncipe, Verdemar, foxe do reino materno por ter desobedecido ao rei, seu pai.**

**No seu camiñar, cheo de experiencias, vai dar ao reino de Micomicón, que está a tremer baixo o alento fétido do Dragón. Como é costume, débenlle entregar a princesa Brancaflor ao monstro se queren salvar as vidas e as facendas do reino.**

**Mascarado para ocultar a súa identidade, Verdemar mata o Dragón coa espada máxica e desaparece. Un capitán de bandidos, Espandíán, topa a cabeza do monstro, e con ela vai reclamar o premio: a man da princesa e a coroa do reino.**

**Ela rexeita o impostor, e aquí é onde traballa o Duende, que leva toda a historia a coidar do príncipe en pago dunha antiga débeda: a liberdade. Esta fábula, que é do dominio público, está brillantemente manipulada polo autor.**

**Valle-Inclán introduce elementos actuais, crítica social, brincadeiras políticas, anacronismos argumentais, comentarios alleos á tradición do conto maravilloso... A función liberadora do riso, a corrupción política, a violencia machista, a anacrónica institución da monarquía, o medo á liberdade ou a banalización do amor romántico son temas da obra que continúan de actualidade. Valle-Inclán,**

**coas oportunas manipulacións, leva a fábula ao grotesco contemporáneo que el creou: o esperpento.**

**Entre a magnética influencia do Xapón e a potente tradición da farsa europea, chea de máscaras e de acrobáticos combates, móvese esta primeira versión galega de “A Cabeza do Dragón” no 80 aniversario da morte de Valle-Inclán.**

• • •

**“A Cabeza do Dragón” fue incluida por el autor, Ramón María del Valle-Inclán, en una colección de farsas que, tituló, irónicamente, “Retábulo de marionetas para educación de príncipes”. La historia cuenta, una vez más, el viaje al corazón del dragón que se narra en todas las culturas del mundo, y también en la nuestra, la cultura europea.**

**Un príncipe, Verdemar, marcha del reino materno por desobedecer al rey, su padre. En su camino, lleno de experiencias, llega al reino de Micomicón, que está temblando bajo el aliento fétido del Dragón. Como es costumbre, le deben entregar la princesa Brancaflor al monstro si quieren salvar las vidas y las haciendas del reino. Enmascarado para ocultar su identidad, Verdemar mata al Dragón con la espada mágica y desaparece. Un capitán de bandidos, Espandíán, encuentra la cabeza del monstro, y con ella va a reclamar el premio: la mano de la princesa y la corona del reino. Ella rechaza al impostor, y aquí es donde trabaja el Duende, que durante toda la historia es el encargado de cuidar al príncipe en pago de una antigua deuda: la libertad.**

**Esta fábula, que es de dominio público, está brillantemente manipulada por el autor.**

**Valle-Inclán introduce elementos actuales, crítica social, entramados políticos, anacronismos argumentales, comentarios ajenos y tradición del cuen-**

to maravilloso... La función liberadora de la risa, la corrupción política, la violencia machista, la anacrónica institución de la monarquía, el miedo a la libertad o la banalización del amor romántico son temas de la obra que continúan de actualidad. Valle-Inclán, con las oportunas manipulaciones, lleva la fábula al grotesco contemporáneo que él creó: el esperpento.

Entre la magnética influencia de Japón y la potente tradición de la farsa europea, llena de máscaras y de acrobáticos combates, se mueve esta primera versión gallega de "A Cabeza do Dragón" en el 80 aniversario de la muerte de Valle-Inclán.

••••

*"A Cabeza do Dragón", the Dragon's Head, was included by its author, Ramón María del Valle-Inclán in a collection of farces which were entitled, ironically, "Retábulo de marionetas para educación de príncipes", "Tableau of puppets for the education of princes". The story recounts once again the voyage to the heart of the dragon - a tale which is narrated all over the world, and which is also part of European culture. A prince, Verdemar, has to leave his native land as a result of disobeying his father. His journey, which is full of incident, takes him to the kingdom of Micomicón, which is trembling under the fetid breath of the Dragon. As is the custom, if they wish to save their lives and the kingdom's properties, the ruling family must hand over Princess Brancafor to the monster. Wearing a mask to hide his identity, Verdemar kills the Dragon with his magic sword and disappears. The leader of a group of bandits, Espandián, finds the head of the monster and taking this with him goes to claim his reward: the hand of the princess and the crown of the kingdom. She rejects the impostor and at this point the goblin steps in; throughout history this creature has been responsible for looking after the prince in exchange for an ancient debt: his liberty.*

*Packed with masks and acrobatic fights, the production moves seamlessly between the magnetic influence of Japan and the powerful tradition of European farce. This first Galician version of 'A Cabeza do Dragón', is being performed on the 80th anniversary of the death of Valle-Inclán.*

# DESCABEZANDO DRAGÓNS

Carlos Santiago


Texto publicado na revista *Compostelánea*

**F21 1909** un ano axitado en España coa explosión da Semana Tráxica en Barcelona, feito que marca a decadencia da restauración borbónica de 1874 e do sistema de “turnismo” parlamentario entre o Partido Conservador e o Partido Liberal. O movemento obreiro medra por todas partes, a través da axitación socialista e anarquista. A monarquía constitucional de Alfonso XIII atravesará horas amargas co desprestixio internacional suscitado pola execución de Ferrer Guardia, fundador da Escola Moderna e condenado á morte nun xuízo farsa como responsable último dos motíns barceloneses. O rei, abafado pola prensa estranxeira, declara: “son un monarca constitucional, tan constitucional que nin sequera teño a iniciativa do indulto”.

Nese mesmo ano, desmárcase Valle Inclán coa “Farsa infantil da Cabeza do Dragón”. O termo infantil é equívoco, se non directamente irónico. Encontramos no texto, é claro, o teor fantástico e marabilloso do conto infantil, unha historia de princesas e dragóns que nos remonta aos amores turbulentos de Tristán e Isolda, non sen a dose de crueldade

didáctica tan propia dos contos populares. Pero tamén pullas intencionadas contra a sociedade da época, a monarquía constitucional, a hipocrisía da alta sociedade e mesmo o machismo patolóxico do home hispánico. A historia sitúanos nun territorio anacrónico, mais a caracterización cervantina das personaxes populares, refírenos sen lugar a dúbida o país real que se esconde por baixo da alegoría.

Contra o que podería parecer lóxico, tendo en conta a circunstancia de ser esta a primeira peza teatral de Valle Inclán representada en galego, a elección de *Excéntricas* non se decidiu por algún dos textos de ambiente galaico. Tampouco por unha peza do período esperpéntico, aínda que o esperpento é xa máis que evidente na *Cabeza do Dragón*, nas súas reducións grotescas das personaxes nobres e na esaxeración desbravada das personaxes populares. Situámonos aquí en pleno período modernista, nunha peza caracterizada por algúns como evasiva, onde a linguaxe atinxe grande altura poética matizada pola ironía e o sarcasmo. Non é por acaso que a obra dera lugar a unha



ópera, como parece ser destino fatal de moitas pezas modernistas da época, destino trazado pola propia musicalidade do texto e certo hermetismo simbólico que o xénero lírico semella traspor mellor para o público. Con todo, estamos diante dunha farsa, e esa paréceme a pedra angular da proposta de Excéntricas, e o que dá sentido á representación da peza pasado un século da súa estrea. Despois de todo, continuamos a vivir, como daquela, nunha monarquía constitucional, onde as farsas son servidas todos os días na mesa á hora do xantar. O resto é só deixar ir a cabeza tras as filigranas poéticas e dramáticas saídas da cabeza do autor, o auténtico dragón de toda esta historia.

Como parte no proceso de creación, podo dar testemuña de que o talento dramatúrxico de Valle Inclán vai encontrar no equipo artístico unha máquina ben engraxada para ofrecer ao público galego unha versión brillante e de gran desempeño cómico do texto. Toquemos madeira, pois a superstición forma parte deste universo fantástico no que andamos metidos, pero creo eu, non se poderá negar a potencialida-

de cómica dun elenco capaz de asumir duelos de esgrima, lances bufonescos, acrobacias románticas, momentos de delicada poesía e mesmo coreografías subidas de ton, nunha mesma montaxe, sen que o rubor lles incendie as maquilladas meixelas. Ata onde podo albiscar, a condución de Quico Cadaval, que mesmo se atreveu a dar unha solución sinxela e intelixente ás famosas didascalías irrepresentábeis, por hiperbólicas, que galonan todo o teatro valleinclanesco, vai conseguir levar a nave a un porto, xa non seguro, senón memorable.

Como parte interesada, permitídemme a licenza do optimismo e o entusiasmo. A crónica da estrea en 1910, no madrileño Teatro de los Niños, publicada no ABC, rexistra o éxito do autor, aclamado varias veces no palco, limitándose a cualificar a interpretación como “muy discreta”. Aposto o que non teño a que desta volta, a súa primeira versión en galego, será todo menos iso. E apostado queda.

# ACTIVIDADES PARALELAS

## FOROS DA MIT RIBADAVIA

Os Foros son un coidado espazo para o encontro, o debate aberto, entrevistas e obradoiros cos creadores e usuarios que nos visitan e que intercambian a súa experiencia e relacións coa sociedade. Os Foros da MIT Ribadavia queren ser a manifestación latente dun dos obxectivos que a Mostra leva perseguindo nos últimos anos: o aumento da competencia estética, o empoderamento da sociedade en relación co discurso crítico sobre a arte e a busca e consolidación de espectadores/as activos. Os foros abertos tamén queren evidenciar o feito non crematístico do festival, a filosofía de irradiación daquilo que nunca conclúe nos espazos de exhibición, saltando así ás diversas canles de divulgación. Nos foros da MIT tamén se sentan as bases de temas que precisan transcender á esfera pública e acender a chama da acción, como foi o caso da organización dunha comisión redactora para a elaboración do Anteproxecto de Lei de Artes Escénicas de Galicia, idea que se xestou na MIT e que tivo posteriores espazos de encontro e agora mesmo en proceso de conclusión, nas xestións finais para a súa aprobación no Parlamento.



Son moitas as cuestións artísticas, formativas ou legislativas que se poden abordar hoxe ante a situación do chamado **novo circo** en España e no noso contexto, en Galicia. Este ano, na MIT, podemos ver unha escolma de moi alto nivel da creación circense no estado español, con compañías proce-

dentos das Illas Baleares, de Andalucía ou de Castela-León. Pero pola MIT tamén pasaron compañías de Cataluña (país que ten unha longa traxectoria de vangarda e apoio decidido a esta arte escénica) ou de Galicia. Pistacatro acaba de celebrar o seu 10º aniversario, pero en Galicia tamén temos as compañías Cia. Duelirium, Circo Chosco ou Cia. Desastronauts, e recentemente a Cia. IO que vén de ser recoñecida co Premio Off Circada de Sevilla.

A organización dos estudos superiores de circo, ao igual cós países da nosa contorna e dos que podemos aprender tanto, coma Francia, ou o respecto e protección polo patrimonio escénico circense, coma o legado e os materiais da Ciudad de los Muchachos en Ourense, son asuntos que precisan dun debate público para o noso progreso como sociedade e para o ben das artes. Igualmente, a nivel artístico, estamos a ver todo o potencial existente (Vaivén é unha das poucas compañías programadas no prestixioso teatro BAM de Nova Iorque co espectáculo que presentamos este ano na MIT e a renovación da linguaxe escénica ou a capacidade de hibridación con outras disciplinas artísticas levounas a cabo o novo circo de maneira moito máis precoz có resto das artes escénicas), mais pola contra esa iniciativa e ese carácter dinámico e activo non se ve acompañado de plans específicos e campañas decididas de fomento e consolidación da creación e da formación en artes circenses. Quizais sexa o momento de xuntarnos para coñecer máis e alzar unha voz conxunta, forte e decidida en favor do circo contemporáneo. Fagámolo.



## FORO: "A SITUACIÓN DO CIRCO CONTEMPORÁNEO HOXE EN ESPAÑA E EN GALICIA I."

**Intervención:** Bolo (Vaivén Circo-Andalucía), Pistacatro (Galicia), Circ Bover (Illas Baleares) e María (Distribuidora de Kandengue Arts).

**Sábado 15 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

## FORO: "A SITUACIÓN DO CIRCO CONTEMPORÁNEO HOXE EN ESPAÑA E EN GALICIA II."

**Intervención:** Cirk about it (Castela-León), Compañía IO (Galicia) e Belem Brandido (Xestión Proxectos Artísticos PISTACATRO, produción e distribución).

**Domingo 23 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

## FORO: "COLOQUIO CON CHÉVERE E PRESENTACIÓN DA COLECCIÓN DE TEXTOS COA EDITORIAL KALANDRAKA".

**Domingo 16 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

Chévere, 30 anos traballando en compañía. Falaremos do que supón manter un proxecto artístico de compañía ao longo de tres décadas. Tamén coñeceremos unha boa nova, a aparición dunha nova colección de teatro na editorial Kalandraka, que edita Río Bravo e Annus Horribilis e outros musicais. Kalandraka recibiu o Premio Nacional ao mellor labor editorial en 2012 e agora marcan o inicio con Chévere dunha nova aventura, a Biblioteca de Teatro.

## FORO: "COLOQUIO COA COMPAÑÍA DO ESPECTÁCULO CLEAN CITY".

**Luns 17 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

## FORO: "A ESAD. COMO É O CENTRO SUPERIOR DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS DE GALICIA?".

**Martes 18 de xullo ás 20:30h**

Igrexa da Madalena

Aínda non coñeces a ESAD de Galicia? Tes curiosidade por saber como se organizan os estudos de Arte Dramática no único centro oficial de Galicia? Aquí tes unha oportunidade. A MIT, en colaboración co Departamento de Comunicación da ESAD organiza este encontro, no cal poderás ver un traballo final de curso dunha alumna de 1º de Interpretación para a materia de Danza. Neste foro, ademais, tamén poderás escoitar ao profesorado das tres titulacións que podes estudar na ESAD de Galicia: Interpretación, Dirección escénica e Dramaturxia e Escenografía. Poderás ver, preguntar, escoitar e soñar con dar o paso cara á formación e facer do teatro a túa vida e a túa profesión.

....

Un bloque relevante do programa da MIT deste ano está centrado en postas en escena que parten da obra de William Shakespeare. Se o espectáculo dirixido por Marcos Barbosa, *O conto de inverno* é máis fiel ao texto do dramaturgo inglés, cunha posta na que a música se mestura con distintos estilos ou xéneros escénicos, da comedia á radionovela ou ao drama, no caso de Voadora e Teatro de Ciudad, veremos espectáculos de creación e escrita contemporánea a partir ou con inspiración na obra ou en varias obras do dramaturgo inglés. Teatro de la Ciudad presenta en días consecutivos os seus froitos máis recentes, *La Ternura*, unha comedia na que Sanzol intenta trasladar a imposibilidade de protexernos do dano que produce o amor, porque se queremos amar témonos que arriscar a sufrir. O outro director responsable do proxecto escénico de 2017 desta unión concibida como unha aposta pola investigación, reflexión, creación, produción e exhibición do teatro contemporáneo é Andrés Lima. El presenta *Sueño*, unha lectura en diálogo coa que

tamén fará Marta Pazos a partir da peza *Soño dunha noite de verán*, de William Shakespeare. Se no caso de Pazos o foco está na identidade de xénero, na liberdade sexual e na igualdade, no de Lima estará no terreo dos contrastes: delicadeza humana e o instinto animal, o etéreo e o terrenal, o onírico e o banal, o artificio fronte ao natural, o desenfreno e o racional, o desexo e o real.

### **FORO: "A CREACIÓN ESCÉNICA CONTEMPORÁNEA A PARTIR DA FONTE DRAMÁTICA DE W. SHAKESPEARE I".**

**Martes 18 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

Coloquio con Alfredo Sanzol e co elenco do espectáculo *La ternura*.

### **FORO: "A CREACIÓN ESCÉNICA CONTEMPORÁNEA A PARTIR DA FONTE DRAMÁTICA DE W. SHAKESPEARE II".**

**Mércores 19 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

Coloquio co elenco do espectáculo *Sueño*

### **FORO: "A CREACIÓN ESCÉNICA CONTEMPORÁNEA A PARTIR DA FONTE DRAMÁTICA DE W. SHAKESPEARE III".**

**Xoves 20 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

Coloquio con Marcos Barbosa e co elenco do espectáculo *O conto de inverno*.

### **FORO: "A CREACIÓN ESCÉNICA CONTEMPORÁNEA A PARTIR DA FONTE DRAMÁTICA DE W. SHAKESPEARE IV".**

**Venres 21 de xullo ás 00:45h**

Patio interior da Oficina de Turismo

Coloquio con Marta Pazos e co elenco d' *O Soño dunha noite de verán*.

## **SINATURA DO PROGRAMA TEMPADAS DE IGUALDADE NA MIT**

**Domingo 23 de xullo ás 21:30h**

Salón de actos da Casa do Concello de Ribadavia.  
Praza Maior.

A MIT, ao igual ca todos os festivais de Artes escénicas de Galicia asociados a AFEARTE estamos comprometidos coa igualdade. Participamos no Observatorio da Igualdade das Artes Escénicas e do Audiovisual, impulsado pola Mostra de Cangas. Agora, sumámonos ao programa impulsado polas Tempadas de Igualdade. Compromisos que na práctica se levan desenvolvendo e mellorando no festival dende hai ano e no que aínda hai moito que aprender.

*Tempadas de Igualdade* é un programa impulsado en toda España pola asociación *Clásicas e Modernas*, que loita polo cumprimento da Lei de Igualdade no eido das AAEE e da cultura, apostando por un camiño de análise do pasado inmediato e polo compromiso de cambio no futuro. O programa Tempadas de Igualdade traballa en tres ámbitos de actuación: programación, gobernanza e comunicación, promovendo unha análise de datos realizada á programación anual inmediatamente anterior, para sacar conclusións sobre a presenza de mulleres nas tempadas regulares de programación de espectáculos de teatro, danza, música, ópera, zarzuela, e circo organizadas polos organismos e espazos públicos ou semipúblicos nacionais, comunitarios, rexionais e municipais. Tras a análise de datos, tentáranse acadar os estándares da lei de Igualdade nas vindeiras programacións anuais. Os postos nos que incide o programa son os da dirección artística (sexa teatral ou musical), dirección coreográfica,

deseño escenográfico, dramaturxia ou autoría e solista instrumentista.

En Galicia asinaron este compromiso o Concello da Coruña con todos os espazos dependentes da súa xestión, O FIT de Ourense, O Concello do Ferrol e a Deputación de Pontevedra. A nivel estatal están adheridos, por exemplo, o Centro Dramático Nacional, o Teatro Español, a Federación de Sociedades Musicais da Comunitat Valenciana ou o Teatre Nacional de Catalunya, entre outros moitos.

No acto que terá lugar na MIT estarán presentes varias persoas encargadas do Grupo Promotor de xestión de Tempadas de Igualdade en Galicia: Inma López Silva, Olga Magaña, Belén Brandido, Marta Pérez, Areta Bolado, Ailén Kendelman, Noelia Castro ou Mariana Carballal, entre outras.

## **ACTA DO PREMIO DE HONRA “ROBERTO VIDAL BOLAÑO” 2017, CONCEDIDO POLA MIT RIBADAVIA AO MÉRITO NAS ARTES ESCÉNICAS A PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS**

A 33ª edición da MIT quere premiar a unha compañía, a uns artistas que, polo súa banda, nos obsequiarán a todas e todos nós cun magnífico espectáculo, que ademais supón un fito histórico para o teatro galego. Producións Teatrais Excéntricas enmarca esta edición da MIT 2017. Na apertura recollen un galardón co cal este festival quere agradecer, recoñecer e aplaudir a súa importante actividade escénica colectiva e a dos seus integrantes. Na clausura bríndannos a primeira posta en escena profesional en galego da obra de Valle-Inclán *A cabeza do dragón*.

Producións Teatrais Excéntricas é o selo co cal Mofa e Befá ou Quico Cadaval producen e distribúen as súas creacións. Unha plataforma coa que coñecemos a constante pescuda, exploración e requintamento nas estratexias do humor e da oralidade ou da linguaxe musical, por parte de Evaristo Calvo, Quico Cadaval, Víctor Mosqueira ou Piti Sanz. Baixo este paraugas e sen esquecer as importantes tarefas de produción, comunicación e distribución de Rubén G. Pedrero, Excéntricas vénnos ofrecendo diversos formatos escénicos, dende o dúo cómico, os unipersoais ou a valente aposta por espectáculos de maior formato coma esta súa última produción, na que quixeron verse acompañados ademais pola composición musical do Taller Atlántico Contemporáneo.

Ás proezas escénicas dos membros de Excéntricas, temos que engadir as importantes tarefas de divulgación das artes escénicas en contextos educativos, no exterior (coproduciron co Festival de Almagro, levoran a nosa lingua a escenarios de Iberoamérica, fixeron rir ao público de Portugal ou de Cabo Verde...). En Ribadavia tentaron explicarnos nunha conferencia-espectáculo que Shakespeare era do Ribeiro, soñaron e compartiron con nós proxectos e utopías, confiaron e confiamos. Creron e cren no poder da risa, da nosa lingua, no poder liberador do teatro e da fusión e o irmanamento do propio co alleo, para sermos quen.

Queremos, con este Premio de Honra, facer un recoñecemento público e solemne ás cuantiosas e cualitativas tarefas que os membros de Excéntricas teñen realizado ao longo dos seus anos de traxectoria profesional en diversos proxectos teatrais ou audiovisuais. Así, cómpre citar o grande acerto en moi significativas e imborrables tarefas da dirección escénica (*Quico Cadaval n’O ano do cometa* ou



Noite de reis para o CDG ou a súa posta en escena d'*O cranio furado* de Martin McDonagh), do traballo actoral (inesquecibles os personaxes de Evaristo Calvo na saga de postas en escena de dramaturgos irlandeses ou a hipnotizante creación física de Víctor Mosqueira en espectáculos de Ollomoltranvía ou en posteriores pezas coma *Obra (no comment)* ou *Finis Mundi Circus*, onde precisamente traballou co outro membro de Excéntricas, Piti Sanz, nunha maravilhosa música creada en conxunto co sempre recordado e admirado Fran Pérez "Narf". Moitos destes traballos e outros tantos que non podemos recoller nunha soa acta coma esta, recibiron tamén premios e recoñecementos doutras institucións e asociacións. Mais este que vos entregamos aquí en Ribadavia é tamén un brindado (con Ribeiro, sempre) polo porvir, co recordo do esforzo, do goce e do compromiso do xa feito e co moito que queda por soñar.

**Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, xullo de 2017**

## **RESOLUCIÓN DO 12º PREMIO ABRENTE**

**21 de xullo na MIT 2017**

12:00 - Salón de actos do Concello de Ribadavia (Praza Maior).

### **Composición do xurado:**

- (Vocal) Sheyla Fariña, actriz.
- (Vocal) Diana Mera, directora de escena e actriz.
- (Vocal) Ernesto Is, dramaturgo premiado na anterior edición co 11º Abrente.
- (Presidenta) María López, Concelleira de Cultura de Ribadavia.
- (Secretario) Roberto Pascual, Director da MIT.

## CURSO - OBRADOIRO

### ACTUAR, ESCRIBIR E DIRIXIR EN ESCENA. OBRA-DOIRO DE CREACIÓN PARA ACTORES, ACTRICES, AUTORES/AS E DIRECTORES/AS.

Impartido por Alfredo Sanzol

En colaboración coa AAAG (Asociación de Actores e Actrices de Galicia) e AISGE

Durante os días que dura o obradoiro gustaríame compartir unha técnica de traballo en escena que veño desenvolvendo desde hai uns anos. O obxectivo é a creación de historias, de argumentos, usando como ferramenta a interpretación, a improvisación e a posta en escena. Dalgunha maneira, é un xogo no que poño en acción as miñas tres paixóns: actuar, escribir e dirixir, ademais de bailar, cantar e tocar un instrumento. Por iso, o obradoiro de Ribadavia está destinado a actores, autores e directores. É unha maneira de compartir o meu traballo e as ferramentas que uso para resolver os bloqueos que produce o traballo artístico na escena. Eses bloqueos que nos afastan das emocións, os lugares, o tempo, as tramas, as asociacións impensables, a xestualidade, as imaxes e os desexos. Tamén é unha maneira de facer brillar todos os puntos en común que teñen as tres patas do teatro (actuar, escribir e dirixir) e darnos un espazo para o pracer de traballar con outros tempos.

#### O docente

Alfredo Sanzol é autor e director de teatro. Entre as súas producións máis destacadas atópanse *La Ternura* (2017 Teatro de la Ciudad e Teatro de la Abadía) *La Respiración* (2016 Lazona e Teatro de la Abadía) *Edipo Rey* (2015 Teatro de la Ciudad e Teatro de la Abadía) *La Calma Mágica* (2014 Tanttaka e Centro Dramático Nacional) *Esperando a*

*Godot* (2013 Centro Dramático Nacional) *Aventura!* (2012 T de Teatre e Teatre Lliure) *La importancia de llamarse Ernesto* (2012 Teatro Gayarre), *En la Luna* (2011 Teatro de la Abadía. Premio Max Mellor Espectáculo 2013 e Premio Ceres do Festival de Mérida), *Días Estupendos* (2010 Lazona e Centro Dramático Nacional, Premio Max Mellor Autor), *Delicadas* (2009 T de Teatre e Festival Grec, Premio Max Mellor Autor e PREMIO DO PÚBLICO na 28ª MIT Ribadavia, 2013), *La cabeza del Bautista* (2009 Centro Dramático Nacional) *Sí, pero no lo soy* (2008 Centro Dramático Nacional), *Risas y Destrucción* (2007 Producciones del Callao) e *Como los griegos* (1999 RESAD e Producciones del Callao). Ten impartido cursos e obradoiros en La Casa de América, La Casa Encendida, o Teatro Nacional de Bogotá, Matadero-Madrid, Sala Beckett, La Térmica, a Escuela Navarra de Teatro, a Sociedad General de Autores, o Festival de Teatro Clásico de Olite e no Centro Dramático Nacional.

#### Datos e duración:

O obradoiro ten unha duración de 15 horas, en tres sesións de 5 horas o 17, 18 e 19 de xullo en horario de 10h a 15h.

#### Lugar:

Auditorio Manuel María da Casa da Cultura de Ribadavia. Rúa Redondela s/n 32400, Ribadavia.

#### Prezo:

- Socios AAAG e/ou AISGE: 60 euros/30 euros oíntes.
- Non socios: 90 euros/45 euros oíntes

#### Inscrición:

A través da AAAG.



**VENRES 14** de xullo

- 23:00h - **Auditorio Rubén García do Castelo**

# AS CUÑADAS

## Teatro do Vilar

Galicia

Apoio da MIT ao teatro de base

**TÍTULO DO ESPECTÁCULO:** As cuñadas

**AUTORÍA:** Michel Tremblay en versión de Roberto Salgueiro

**DIRECCIÓN:** Jouse García

**INTÉRPRETES:** María García, Elvira García, Monolita Estévez, Sandra Vidal, Esther Pumar, Bea Cendón, Nuria Sánchez e Juan Carlos Fernández.

**DESEÑO DO ESPAZO ESCÉNICO:** Teatro do Vilar

**COREOGRAFÍA:** Rebeca Míguez

**PÚBLICO RECOMENDADO:** Todos os públicos

**DURACIÓN:** 80 min

O que se conta n'As *cuñadas* é o sucedido nunha vivenda modesta cando a súa inquilina gaña un concurso, co que poderá obter gratis todo canto desexe para transformar o seu fogar. Non hai límite. O único límite é o que fixe a súa imaxinación. Só hai un problema. Hai que pegar uns cupóns no tempo estipulado pola organización. A afortunada muller solicita a colaboración de familiares e veciñas. Reunidas na cociña póñense ao choio (A



cociña, onde estas mulleres pasan a maior parte da súa xornada, funciona como símbolo da opresión, o peche e a frustración). Non están en silencio, claro. Falan. Falan e o que din vai conformando un discurso que se converte nun descarnado retrato da sociedade feminina. Imos coñecendo as súas frustracións, a rutina das súas vidas, a soidade, a historia de tantas batallas perdidas, e como as táboas de salvación ás que se agarran, a relixión, a familia, o sexo, son, en realidade, trampas.

As *cuñadas* é unha obra que conmove, remove, emociona e divirte. É unha historia de mulleres que teñen unha vida decepcionante e rutineira; amas de casa, esposas, nais, sen estima que se levantan rodeadas de ingratidade e déitanse coa vulgaridade.



**SÁBADO 22** de xullo

- 01:00h - **Praza Maior (Ruadavia)**

# MÓNICA DE NUT

Galicia

En colaboración e co apoio da MIT ao proxecto Arteficial

Mónica de nut, voz, e Luís Martíns, arpas celtas acústica e eléctrica, veñen de gravar o disco RAÍCES AÉREAS coa discográfica Freecode. Colabora Lucía Martínez nas percusións, zanfona e obxectos sonoros. Son e master Isaac Millán, Lagharteira Producións. Deseño gráfico e fotografías Uqui Permui.

O elemento inspirador son as gravacións de recollida de campo en Galicia, cantos de mulleres que transmiten toda a forza ancestral. Cantos crus, vitais e poderosos, conéctannos á raíz de saber de onde vimos e cal é a nosa esencia. Enormemente agradecidas por este manantial, e con moitísimo respecto, recreamos esa herdanza aportando as nosas ás mediante a voz e a arpa.



*Astoria Mostero*  
Vinos de Autor



**ARTIFICIAL**



**Dirección:** Roberto Pascual

**Responsable do servizo de venda de entradas:** Bea Domínguez Cendón

**Responsable de persoal e contratación:** Fran Muñiz Ferro

**Responsable do servizo de prensa:** Tere Rivela

**Produción e deseño de espazos e imaxe da MIT:** Diego Valeiras

**Responsable do servizo web:** Manuel Montesinos Miguélez

**Deseño do programa:** A&B Comunicación e Deseño

**Fotografía:** Rosinha Rojo

**Tradución ao inglés:** Judy Staton

**Deseño premio MIT:** Manuel Rodríguez Alonso (Sampedro)

**Loxística (iluminación e son):** RTA

**Montaxe:** Saguay

**Venda de entradas on-line:** <http://entradas.abanca.com/es/>

**Imprenta:** Rodi Artes Gráficas

**Agradecementos:** Sheyla Fariña, Ernesto Is, Diana Mera, Nuria Montero Gullón, Radio Ecca, Rodrigo Francisco (Festival de Almada), Manuel F. Vieites, Esther F. Carrodegas, Carlos Santiago, Artificial (especialmente a Ainhoa, Claudio, Rafa, Nuria e Quique), Antonio Amil (Oficina de Turismo de Ribadavia), persoal do Centro Dramático Galego, (Francesc Casadesús) Festival GREC Barcelona, Fundación Festa da Istoría, Manuel Araújo Montero (OMIX Ribadavia), García Pérez do Ribeiro S.A., Supermercados Froiz, Teatro do Vilar, GRUMIR Ribadavia, Policía Local, Cruz Vermella, persoal do Concello, Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia, voluntarios/as da MIT e a todas as persoas que apoian e colaboran coa MIT.

CO AGRADECIMENTO AO PATROCINIO DE:





inaem  
INICIATIVAS CULTURALES



[mitribadavia.com](http://mitribadavia.com)

